



O Consello de Goberno, con data 13 de novembro de 2003 acordou a aprobación do Estatuto de Alumnos Visitantes para alumnos doutras Universidades que desexen realizar estudos na Universidade de Santiago de Compostela para producir efectos na súa Universidade de orixe, por un máximo dun ano.

O dito acordo establece a posibilidade de que os estudos realizados nesta Universidade teñan plenos efectos na titulación á que pertencen, unha vez que se acceda a ela conforme ós procedementos de ingreso na Universidade de Santiago establecidos na lexislación vixente.

A normativa xeral de programas de (Sócrates-Erasmus, Séneca, etc..) de intercambio non preve a situación de alumnos que queren finalizar estudos na universidade de destino, aínda que non existe razón para diferenciar a condición de Alumnos Visitantes ou Alumnos de Intercambio a estes efectos.

Polo exposto, este Reitorado **RESOLVE:**

**PRIMEIRO.-** Os estudos realizados nesta Universidade a través de programas de intercambio universitario e de mobilidade estudiantil recoñeceranse de plano no caso de que o alumno acceda posteriormente a ditos estudos tras superar os procedementos de ingreso establecidos pola lexislación vixente.

**SEGUNDO.-** Á vista da solicitude, a Unidade de Xestión Académica correspondente dictará a Resolución de Recoñecemento en función dos estudos realizados nesta Universidade. O dito recoñecemento devengará os prezos públicos establecidos en concepto de validación.

**TERCEIRO.-** No caso de que o interesado, ademais, solicite validación de estudos realizados na Universidade de orixe, remitirase ó Centro correspondente para o seu informe. Neste último caso o interesado deberá aportar o compromiso de estudos oficial do programa de intercambio polo que cursou estudos nesta Universidade. O Centro deberá ter en conta o dito documento ademais dos criterios xerais de validación para emitir o correspondente informe.

Santiago de Compostela, 22 de xullo de 2004

**O REITOR**



Senén Barro Ameneiro

SR. SECRETARIO XERAL - SR. VICERREITOR DE ORGANIZACIÓN ACADÉMICA E PROFESORADO - SR. VICEXERENTE DO CAMPUS DE LUGO - SRES/AS DECANOS/AS E DIRECTORES/AS DE CENTROS - SR/A XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA - SR. XEFE DO SERVIZO DA ASESORÍA XURÍDICA - SR XEFE DOS SERVIZOS INFORMÁTICOS - SR. DIRECTOR DO C.O.I.E. - SRES/AS. XEFES DAS UNIDADES DE XESTIÓN ACADÉMICA - SR/A XESTOR ACADÉMICO DE CENTRO - OFICINA DE ANÁLISE DE RECLAMACIÓNS.